ACTA DA XUNTA ELECTORAL

PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

En A Coruña, na sede da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, sendo as **10:00 horas do día 30 de outubro de 2026**, reúnense os membros titulares da Xunta Electoral que se relacionan a continuación:

- **D. Daniel Arcas Gosende**, presidente.
- **D. Alejandro Santiago Ramos**, secretario.
- **D.ª Sabela Peromingos Marcos**, vogal.

Reunida a Xunta Electoral para tratar os asuntos relativos ao proceso electoral para a elección de representantes da Asemblea Xeral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, faise constar o seguinte:

Primeiro.- Que con data **10 de outubro de 2026** celebrouse a xornada electoral correspondente á elección de representantes do estamento de persoas adestradoras para a Asemblea Xeral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia.

Que as mesas electorais constituídas nas provincias da Coruña e Pontevedra desenvolveron a votación e o correspondente escrutinio, constando as súas actas publicadas na páxina web oficial da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia.

Que, do resultado do escrutinio efectuado, resultou gañador **D. Artur Xaquín Cougil Conde**.

Segundo.- Que, con carácter previo, se procedeu á publicación provisional das candidaturas presentadas e das persoas e entidades electas correspondentes aos distintos estamentos da Asemblea Xeral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia.

Terceiro.- Que, de conformidade co calendario electoral e coa normativa vixente, se estableceu un prazo para a presentación de reclamacións ante a Xunta Electoral.

Cuarto.- Que, finalizado o devandito prazo, non consta a presentación de reclamación ningunha ante a Xunta Electoral respecto das candidaturas e das persoas e entidades electas incluídas nas publicacións provisionais.

ACORDA

Primeiro.- Proclamar definitivamente como clubs e persoas electas para formar parte da Asemblea Xeral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia as seguintes:

ESTAMENTO DE CLUBS

- Club Natación y Salvamento A Estrada (CNS A Estrada).
- Club Salvamento y Socorrismo Carballo (SYSCA).
- Club Salvamento Vilagarcía (VILAGARCÍA).
- Club Acuático Umia (UMIA).
- Club Salvamento Arteixo (SALVAR).
- Club Salvamento Acuático Laracha (SAL).
- Club Salvamento Acuático Ourense (SALVOUR).

ESTAMENTO DE XUÍCES E XUÍZAS

- D.ª Verónica Naya Rama.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

- D. Manuel Regueiro Picallo.
- D. David Lista Facal.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL (DGAN)

- D. Gabriel Rodríguez Colferai.

ESTAMENTO DE PERSOAS ADESTRADORAS

- D. Artur Xaquín Cougil Conde.

Segundo.- Publicar a presente acta no taboleiro oficial e na páxina web da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, conforme ao establecido no Regulamento Electoral.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 10:30 do día indicado, levantándose a presente acta, que é lida e aprobada polos membros da Xunta Electoral.

En A Coruña a 30 de outubro de 2026.

E para que así conste, asinan:

A XUNTA ELECTORAL

O Presidente
D. Daniel Arcas Gosende

Asdo.: _____

O Secretario
D. Alejandro Santiago Ramos



Asdo.: _____

A Vogal
Dª. Sabela Peromingos Marcos



Asdo.: _____